



PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE DATA 26 DE MAIO DO 2017 POLA QUE SE APROBA A LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, SE NOMEA AO TRIBUNAL E SE CITA AO TRIBUNAL PARA A SÚA CONSTITUCIÓN E PARA A VALORACIÓN DOS MÉRITOS E DO PROXECTO DIRECTIVO PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE XERENTE DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

En relación co procedemento de selección para a provisión do posto de Xerente do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, convocado mediante Resolución da Presidencia do Consorcio de data 6 de setembro do 2016, a Presidencia do Consorcio adoptou, con data, 3 de marzo do 2017 a seguinte resolución:

- 1) *Acordar a declaración de deserto do procedemento de selección para a provisión do posto de Xerente do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento convocado mediante Resolución da Presidencia do Consorcio de data 6-9-2016*
- 2) *Proceder a apertura dunha nova convocatoria de presentación de solicitudes para participar no proceso de selección para a provisión do posto de Xerente do Consorcio Provincial de Lugo.*

A nova convocatoria rexerese integramente, en todos os seus trámites, polo procedemento indicado nas bases publicadas nos B.O.P. de Lugo número 222 de data 26 de setembro de 2016 (bases) e 225 de data 29 de setembro de 2016 (rectificación de bases).

- 3) *Ordenar a súa publicación mediante anuncio da convocatoria do presente proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na páxina web do Consorcio e da Deputación Provincial dispoñendo que os sucesivos anuncios deste procedemento sexan publicados na páxina web do Consorcio e da Deputación Provincial de Lugo e dispoñendo, así mesmo, que o prazo para presentar as solicitudes será de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.*

De acordo co disposto na base 5ª do proceso de selección unha vez expirado o novo prazo de presentación de instancias, a Presidencia do Consorcio ditará resolución, declarando aprobada a relación de admitidos e excluídos e especificando, no seu caso, os motivos de exclusión, que se publicará na páxina web do Consorcio e da Deputación. No suposto de producírense reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas, aprobar a lista definitiva e ordenar a súa publicación na páxina web da Deputación e Consorcio.

A base 6ª do mencionado proceso dispón que o tribunal de cualificación deberá constituírse na data que designe o Presidente. Pola súa banda, a base número 8 sinala que a data e mais a hora na que deberá constituírse o tribunal para valorar os méritos e proxecto directivo serán determinados pola presidencia mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos, que se publicará na páxina web do Consorcio e da Deputación Provincial, cando menos con dous días hábiles de antelación.

Rematado o novo prazo para a presentación de solicitudes, e de acordo co anteriormente exposto, a Presidencia do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, ditou, con data 26 de maio do 2017 a seguinte resolución:

“

1. Aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo para a provisión do posto de Xerente do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento

ASPIRANTES ADMITIDOS/AS:

Nº	APELIDOS E NOME
1	ÁLVAREZ ÁLVAREZ, CARLOS
2	DÍAZ GARCÍA, JOSE CARLOS
3	FERNÁNDEZ DÍAZ, IGNACIO
4	PENELA TEIRA, IGNACIO JOSÉ
5	ROUCO SEOANE, MARTA MARÍA
6	SÁENZ LÓPEZ, CARLOS
7	VÁZQUEZ CABADO, LOURDES
8	VILOR RIVERO, HORACIO

ASPIRANTES EXCLUÍDOS/AS:

APELIDOS E NOME	MOTIVO DA EXCLUSIÓN
FERNÁNDEZ LOPEZ, BERNARDO	- Non achega proxecto directivo
LOPEZ FUSTES, ANTONIO	- Non achega orixinais ou copias compulsadas da documentación presentada
NÚÑEZ ÁLVAREZ, JUAN JESÚS	- Non achega proxecto directivo - Non achega titulación titulación superior universitaria de: licenciado/a ou graduado/a en enxeñería, administración e dirección de empresas, dereito, ciencias políticas e da administración , ciencias económicas ou empresariais ou equivalentes nin certificación expedida pola administración competente na materia que acredite equivalencia da titulación presentada.



- De conformidade co previsto na base 5.2 do proceso de selección, conceder un prazo improrrogable de 3 días hábiles para reclamacións á lista provisional e emenda de defectos, a contar desde o seguinte ao da súa publicación na páxina web do Consorcio Provincial e da Deputación de Lugo.

De existir reclamacións á lista provisional, aprobarase a lista definitiva que se publicará nos mesmos lugares que a provisional. De non existir reclamacións ou se estas non foran suficientes para a súa consideración, a lista provisional entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación.

- Nomear ao Tribunal cualificador, que estará formado polos seguintes membros:

PRESIDENTE

Titular: Don Manuel García Mel, Xefe do Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial de Lugo

Suplente: Don Arximiro Fernández Arias, Técnico Asesor en Recursos Humanos da Deputación Provincial de Lugo

VOGAIS

Titular: Don Manuel Ángel Jove Losada, Xefe do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación Provincial de Lugo

Suplente: Dona Loreto Rodríguez Costas, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación Provincial de Lugo

Titular: Don José Antonio Grandas Arias, Subdirector Xeral de Planificación e Protección Civil da Xunta de Galicia

Suplente: Don José Antonio Fernández López, Subdirector Xeral de Seguridade e Coordinación da Xunta de Galicia

Titular: Don José González Cores, Xefe do Servizo de Seguridade da Xunta de Galicia

Suplente: Don Pedro Luis Sánchez Castro Xefe do Servizo de Protección Civil da Xunta de Galicia

SECRETARIO

Titular: D. José Antonio Mourelle Cillero, Secretario-Interventor do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento

Suplente: D. José Antonio Arias Lombardero, Coordinador da Unidade de Innovación e Participación Cidadá Deputación Provincial de Lugo

4. Citar aos membros do Tribunal para que comparezan no Salón Verde da Deputación Provincial de Lugo o martes, día 6 de xuño do 2017, ás 10 horas ao obxecto de proceder a súa constitución e a valoración dos méritos e do proxecto directivo (1ª fase do proceso de selección)
5. Notificar o contido da presente resolución aos membros do Tribunal e ordenar á súa publicación na páxina Web do Consorcio Provincial e da Excm. Deputación Provincial de Lugo

Contra a lista definitiva os aspirantes poderán interpoñer:

- Con carácter potestativo, recurso de reposición ante a Presidencia Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta Resolución na páxina Web do Consorcio Provincial e da Excm. Deputación Provincial de Lugo (artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

- Recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta Resolución na páxina Web do Consorcio Provincial e da Excm. Deputación Provincial de Lugo (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa).

No caso de interpoñer recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso – administrativo, será de dous meses desde a notificación da resolución desestimatoria do recurso de reposición, se fose expresa, ou de seis meses desde a súa desestimación tácita, que se producirá se no prazo de un mes non se resolve o recurso de reposición interposto.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

Non obstante, os interesados poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

En Lugo, a 26 de maio 2017

O SECRETARIO INTERVENTOR

José Antonio Mourelle Cillero